

Acta Reunión Extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 20 de xuño de 2016

Hora: 11:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

M^a Carmen Palacios Oubiña

Purificación Cariñena Amigo

Gumersindo Feijoo Costa

Julia González Álvarez

José Varela Pet

Ausencias xustificadas: Tomás Fernández Pena

PUNTO ÚNICO: Informes provisionais de avaliación para a renovación da acreditación de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos. Alegacións e plans de melloras propostos.

O Sr. Director sinala que as respectivas comisións das titulacións elaboraron e aprobaron as alegacións e propostas de plans de mellora que hoxe se traen para a súa aprobación nesta comisión. Pide aos correspondentes coordinadores que resuman o tratado nas comisións.

O coordinador do Grao en Enxeñaría Química indica que a comisión decidiu elaborar unha carta de introdución a modo de queixa pola forma en que se elaboran os informes por parte da ACSUG. O ano pasado xa se fixo no caso do máster en Enxeñaría Ambiental. Pide en todo caso a ratificación da comisión de calidade para presentar este escrito. Todos os presentes están de acordo en que se faga. Respecto ás propostas de accións de mellora, explícase que algunhas non se inclúen no plan de mellora porque xa se están facendo: a especificación de competencias xa se incluíu na metodoloxía da guía docente. Sobre o perfil de ingreso, para avaliar o nivel da formación básica en bacharelato propónse engadir á enquisa dos novos estudantes unha pregunta que inclúa o cadro de optativas de bacharelato para marcar as realizadas, e analizar os resultados da enquisa. Sobre a sistematización e coordinación das páxinas web do centro e da USC, propónse unha coordinación cos servizos centrais e o cambio ao novo formato institucional, para o que se pon como límite a data de 28 de xullo de 2017. Respecto ao análise do impacto e efectividade dos mecanismos de información, propónse solicitar que na enquisa de egresados, no apartado de Observacións se indique a canle ou canles de información que utilizaron. Os outros dous puntos de mellora obrigatorios dependen da Área de Calidade e van poñer eles as tarefas. No apartado de recomendacións, propónse fomentar a participación do alumnado na xunta de escola, e elaborar unha información sobre o uso da biblioteca específico por titulación e relacionado coas guías docentes.

A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos indica que deben realizar catro accións de mellora obrigatorias. No apartado de organización e desenvolvemento, asegurar a coherencia entre guías docentes e memoria do título, e relacionar competencias con metodoloxía e formas de avaliación. No apartado de información e transparencia, revisar e actualizar a web da titulación para evitar diferenzas na información entre a páxina institucional e a do centro. As outras dúas accións, relativas ao SGIC, corresponden á Área de Calidade da USC, salvo na última que unha parte é propia do máster e refírese á creación do comité externo consultivo. No relativo ás recomendacións, no apartado de recursos materiais e servizos, propónse elaborar un informe sobre a biblioteca equivalente ao proposto no Grao de Enxeñaría Química. Asimesmo propónse crear un protocolo para a avaliación dos resultados da aprendizaxe (que depende dos resultados proporcionados pola ACSUG).

Unha vez rematadas as exposicións, o Sr. Director propón a aprobación de ambas propostas. Apróbanse as alegacións e plans de melloras propostos para ambas titulacións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 11:20 h.